

A nova depuradora mellorará o saneamento de Sergude e Lestedo

A finais da primavera de 2022, os veciños e veciñas das parroquias de Sergude e Lestedo verán mellorado o seu saneamento grazas á nova depuradora de Sergude, nas que a Xunta de Galicia e o Concello de Boqueixón están a investir máis de 1,8 millóns de euros. Así o avanzou a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, durante unha visita para supervisar a marcha das obras, na que estivo acompañada polo alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín; o concelleiro de Economía, José Manuel Iglesias; e o deputado autonómico Ovidio Rodeiro.

Os traballos de construción da nova depuradora, que deron comezo o pasado mes de maio, están a avanzar na actualidade nas obras de escavación e no movemento de terras. Esta intervención é froito do convenio de colaboración entre a Xunta e o Concello de Boqueixón, polo que a Administración autonómica executa as obras e contribúe co 80% do financiamento e o municipio achega o investimento restante, dispón os terreos necesarios e asume o mantemento das instalacións.

O alcalde, Manuel Fernández Munín, agradeceu á conselleira o apoio da Xunta “nun proxecto importante e de futuro ao que o Concello de Boqueixón



Visita do alcalde e a conselleira de Infraestruturas ás obras da nova depuradora

achega 360.000 € porque nos vai permitir cubrir as necesidades actuais e futuras das dúas parroquias que máis medran, Lestedo e Sergude”.

Finalmente, o alcalde tamén destacou que paralelamente se están a redactar os proxectos para os saneamentos pendentes no resto do municipio.



Instalacións eficientes e ecolóxicas

A nova depuradora é moderna e eficiente, deseñada para lograr o mínimo vertido e cun tratamento secundario para a eliminación do nitróxeno, o que mellorará a calidade das augas e a calidade de vida dos veciños. Inclúe liña de auga e liña de lodos, con pretratamento e tratamento biolóxico, cunha capacidade de 44 m³ de auga á hora. A nova instalación triplica a capacidade da actual, o que lle permitirá tratar as augas ata 3.000 habitantes de Sergude e Lestedo.

A Xunta mellorará o firme da AC-960, que une A Susana e Vila de Cruces

Ethel Vázquez destaca que a nova depuradora de Sergude non é a única actuación da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade en Boqueixón, pois lembrou hai uns anos púxose á disposición dos veciños a senda que conecta A Susana co polígono industrial e A Eirexe, na estrada AC-960; e tamén outro itinerario peonil nesa mesma estrada, en Ponte Ledesma, cos que se facilita unha mobilidade máis cómoda, segura e sustentable.

Así mesmo, a conselleira avanzou a intervención de mellora do firme que se vai levar a cabo ao longo da estrada AC-960, que conecta A Susana con Vila de Cruces, no marco dun contrato maior que inclúe outras vías da contorna. Os traballos comezarán en breve.

Finalmente, Ethel Vázquez puxo en valor a aposta do Executivo autonómico polo transporte público, salientando que 200 mozos de Boqueixón xa se benefician da tarxeta Xente Nova, coa que poden desprazarse de balde polos 313 concellos nas 3.100 liñas de autobús da Xunta.

Contratadas 16 persoas para defensa contra os lumes forestais

O Concello de Boqueixón vén de rematar tres procesos de selección de persoal que permitirán incorporar a 16 persoas para realizar tarefas de prevención e defensa contra os lumes forestais. Así, o Concello contratou dúas brigadas de prevención, vixilancia e defensa contra lumes forestais nas que se integran dous xefes de brigada, seis peóns e dous condutores forestais.

A maiores, contratáronse tres peóns forestais para o manexo do vehículo motobomba e outros tres peóns forestais con cargo a unha subvención do APROL Rural 2021.

Aprobadas dúas modificacións de crédito de 485.000 € para obras

O Pleno de Boqueixón aprobou dúas modificacións de crédito de 485.000 euros para obras de mellora no municipio. A primeira, de 30.981,11 euros, permitirá rematar os traballos para acondicionar a parcela no Forte que acollerá o parque móbil municipal e adquirir maquinaria para protección e preservación do medio ambiente: unha furgoneta e un cortacésped tipo xiro-cero.

O crédito extraordinario de 454.245,55 € permitirá "aportar xa en 2021, os 360.000 € que o Concello tería que achegar nos dous próximos anos para a nova depuradora de Sergude", explicou o alcalde Manuel



Cubrirase o parque do CRA de Sergude, como en Lestedo e Camporrápado

Fernández Munín, "o resto son proxectos subvencionados, que non foron incluídos no Orzamento de 2021 porque daquela non estaban concedidas".

Estes 95.000 € financiarán melloras no punto limpo do parque empresarial, o acondicionamento dun tramo do Camiño ao seu paso por Rubial, a cubri-

ción do parque infantil do CRA de Sergude, a creación dun plan de mobilidade urbana sostible do Concello de Boqueixón, a financiación dun proxecto de recuperación do Bosque Sagrado do Monte Illicino, a achega municipal ao POS+ Adicional 2021 e a compra de mobiliario para o Concello.

As vantaxes da compostaxe na economía e medio ambiente

O Concello de Boqueixón sigue repartindo de balde entre os veciños e veciñas os composteiros adquiridos co apoio da Xunta de Galicia e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional. Se aínda non tes o teu, podes solicitalo no Concello ou no mail compostaxe@boqueixon.com, adxuntando un formulario que atoparás na páxina web (www.boqueixon.gal).

Para animarte a participar, imos falarche das vantaxes da compostaxe sobre o medio ambiente e a economía. Como a materia orgánica coa que se fai o compost representa o 40% da nosa bolsa do lixo, cando un veciño de Boqueixón emprega o seu composteiro está reducindo as emisións de CO₂ á atmosfera (xa que non son precisas tantas recollidas e a carga dos camións é me-



A compostaxe doméstica reduce nun 40% o lixo que producimos cada día

nor) e tamén está a baixar a factura que o Concello paga a Sogama (cartos que poden dedicar a outras inversións). A iso se unen os beneficios de dispoñer dun

compost de calidade que mellora as propiedades físicas, químicas e biolóxicas do noso terreo de cultivo, co conseguinte aforro en abonos e outros produtos.



Entregada a distinción de Fillo Adoptivo á familia de Pedro Pérez

O Pleno de Boqueixón, en sesión extraordinaria no centro cultural de Ledesma, fixo entrega da distinción de Fillo Adoptivo de Boqueixón, a título póstumo, a Pedro Pérez Pérez. Un título que recolleron Margarita Vizcaíno Pérez, sobriña do home-naxeado, e o seu marido, Pedro Terrón Mateos, de mans do alcalde Manuel Fernández Munín.

O alcalde destacou que “don Pedro foi unha persoa afable e xenerosa” que no seu testamento constituíu unha Fundación para crear bolsas de estudo que apoiasen a mozos/as de Boqueixón



A sobriña de don Pedro recolle a distinción de mans do alcalde

que quixeran estudar as carreiras universitarias de Medicina ou Veterinaria. Grazas a estas bolsas, “puideron formarse dez homes e mulleres de ciencia ao servizo da sociedade”, lembra Munín.

A maiores, a carón do centro cultural de Ledesma descubriuse unha placa, ao pe dunha pequena oliveira, en lembranza de Pedro Pérez Pérez, veterinario en Boqueixón entre 1950 e 1965.

Axudas por 12.000 euros a entidades sen ánimo de lucro

A Xunta de Goberno Local de Boqueixón aprobou as bases da convocatoria de axudas a entidades sen ánimo de lucro no municipio. Unhas axudas que ascenden a 12.000 euros e ás que poderán acceder todas as asociacións culturais, deportivas, de veciños e calquera outra entidade de interese social que fomente a participación social na vida municipal. As solicitudes poderán presentarse no Rexistro de Concello cando sexan publicadas as bases no BOP.

Esta convocatoria de axudas é a derradeira que se publica a fóra do novo Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Boqueixón, aprobado por unanimidade no Pleno municipal. Este plan mellorará a planificación das axudas por parte das entidades solicitadas, ao tempo que facilita o seu control e avaliación dos resultados conseguidos por parte do Concello de Boqueixón.

O Concello investirá 48.000 euros en melloras no pavillón polideportivo do Forte

O Concello de Boqueixón vai investir preto de 48.000 € en melloras no pavillón polideportivo do Forte, grazas a un convenio de cooperación coa Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta, que achegará 37.000 euros. Uns traballos que darán come-

zo en breve e que suporán unha importante mellora para as persoas usuarias, pois as actuacións se van centrar na renovación da zona de vestiarios e na eliminación de humidades en toda a instalación.

As obras inclúen o arranxo da cuberta do po-

lideportivo, sobre todo na fachada norte e canda a claraboia de iluminación, para evitar filtracións de auga ao interior. Así mesmo, renovaranse os acabados en paredes, teitos e pavimentos dos vestiarios, así como os seus accesos, canalizando as augas plu-

vias para que non entren no pavillón. O proxecto inclúe a reposición das pezas sanitarias dos vestiarios e a renovación das instalacións de fontanería e electricidade. Finalmente, cambiaranse as carpinterías interiores de portas e fiestras.



As candeas alumearán a quinta “Noite Velada” de Ponte Ledesma

O campo do río de Ponte Ledesma acollerá o venres 6 de agosto a quinta edición da “Noite Velada”. Esta iniciativa, organizada polo Departamento de Turismo do Concello de Boqueixón, busca aunar a tradición e a cultura baixo a imaxe dunha ponte histórica que se alumeará coa luz das candeas e as teas.

Un ambiente máxico que terá lugar a partir das 22:00 horas. A música correrá a cargo do grupo Son de Gaita (Sergude) e de Habelas Hainas, grupo conformado en 2010 por catro mulleres e que achegan un son enérxico, fresco e orixinal á música tradicional.

A actividade é totalmente gratuíta, se ben o aforo é limitado. As persoas que queiran asistir deberán reservar a súa praza chamando ao 981 513 061 ou enviando un correo electrónico a boqueixonturismo@gmail.com.

Para garantir un acceso ordenado e gradual, a apertura do acceso realizarase entre as 21:00 e as 22:00 horas. Disporanse cadeiras debidamente separadas no Campo do Río para poder ver o concerto con seguridade. Todas as persoas asistentes deberán cumprir as medidas hixiénico sanitarias e levarán máscara durante todo o evento.

“Descubre Boqueixón”, visitas guiadas de balde aos puntos de interese turístico do municipio

O Concello de Boqueixón vén de poñer en marcha “Descubre Boqueixón”, un programa de visitas guiadas de balde a distintos puntos de interese turístico do municipio. “Con esta iniciativa queremos achegar o noso patrimonio natural, histórico e cultural ao público, ao tempo que buscamos dar a coñecer e poñer en valor recursos como o Pico Sacro, o Centro de Interpretación, Ponte Ledesma e as Ínsuas de Gres”, explica o alcalde, Manuel Fernández Munín. Estas visitas guiadas gratúitas correrán a cargo dun técnico de Turismo do Concello de Boqueixón e

poderanse realizar calquera día da semana.

O percorrido da visita será acordado co Departamento de Turismo, podendo combinar os distintos recursos turísticos ou incluír tamén algunha ruta de sendeirismo como a dos Pescadores ou de subida ó Pico Sacro. As persoas interesadas en participar deben solicitalo no Departamento de Turismo: boqueixonturismo@gmail.com ou 981 513 061. En todo caso, durante a actividade será preciso respectar as medidas fronte á Covid: uso de máscara, mantemento da distancia de seguridade e hixiene de mans.



O ciclo “Un mes e Pico” centrarase na arqueoloxía en torno ao monte sagrado

A terceira edición do ciclo “Un mes e Pico” chega nos meses de agosto e setembro a Boqueixón cunha ampla programación. Se a sacralidade e a relación do Pico Sacro coa cultura xacobeá centraron as dúas primeiras edicións, a deste ano 2021 xirará en torno á arqueoloxía do monte sagrado e a cultura xacobeá.

O apertura do ciclo terá lugar o venres 6 de agosto, ás 11:30 horas, no propio Pico Sacro da man de Cecilia Pereira, comisaria do Xacobeo 2021, e Manuel Fernández Munín, alcalde de Boqueixón. Despois, entre o 21 de agosto e o 25 de setembro terán lugar sete actividades, entre conferencias, rutas e exposicións.

En agosto, a capela de San Sebastián acollerá dúas conferencias: “As montañas e as cousas. Xenealoxía dunha paisaxe sacra”, a cargo de Felipe Criado Boado (sábado 14 de agosto, ás 19:00 horas), e “Xeoastronomía da antiga Gallaecia (medicións, datos e interpretacións): Santiago e o Pico Sagro no



tempo dos mouros”, da man de Antón Bouzas Sierra (sábado 21 de agosto, ás 20:00 horas).

O domingo 22 de agosto terá lugar a primeira das tres saídas programadas: unha ruta arqueolóxica

polo Pico Sacro e a súa contorna da man de Ana Isabel Filgueiras Rei.

Setembro

Xa no mes de setembro, Os Quinquilláns prepararán cinco visitas teatrais no cumio do monte sagrado: “A Raiña Lupa e o encanto do Pico Sacro” (os días 4, 11, 18, 19 e 26 de setembro, ás 17:30 horas). Por outra banda, o domingo 12 de setembro, ás 11:00 horas, Compos Tours ofrecerá unha ruta literaria cara o Pico Sacro, con textos de Castelao e Neira Vilas, entre outros.

Finalmente, a exposición itinerante “O Pico Sacro no Códice Calixtino” visitará o centro de interpretación do Río Ulla de Touro (do 13 ao 19 de setembro) e a casa das Artes de Vedra (do 20 ao 26 de setembro). E o sábado 25 de setembro, ás 20:00 horas, terá lugar o peche do ciclo cunha conferencia a cargo do historiador Martín Almagro-Gorbea: “A Raiña Lupa e o Monte Sacro”. Será na capela de San Sebastián.

Espectáculo e obradoiro de balde de Títeres Cachirulo sobre as lendas xacobeas

A carballeira da feira de Lestedo acollerá o domingo 1 de agosto o obradoiro e espectáculo de monicreques “Don Gaiferos e o dragón”, da man da compañía Títeres Cachirulo. Unha actuación que forma parte do programa “A Compostela polas Rutas Xacobeas”, do

Xacobeo 2021-22, e que está dirixida a todos os públicos. Ás 12:45 horas terá lugar un obradoiro, no que as persoas que asistan elaborarán monicreques inspirados en personaxes da lenda xacobeá. A actuación dará comenzo ás 13:15 horas.

A participación é totalmente de balde en calquera das dúas actividades, se ben o número de prazas é limitado. Por iso, para asistir é obrigatorio anotarse previamente no Departamento de Cultura ou chamando ao teléfono 981 513 115



CONCILIACIÓN CURSO 2021/2022

MADRUGADORES E TARDES DE LECER

O desenvolvemento de ámbolos dous programas terá lugar no CPI Antonio Orza Couto, coa adopción das medidas hixiénico-sanitarias necesarias para cumprir a normativa vixente en materia de prevención da Covid-19

Madrugadores

Este programa ofrece un servizo de acollida, coidado e vixilancia antes do comezo das clases. O almorzo será por conta propia ou no seu caso vir almorzados.

Tardes educativas e de lecer

Este programa ofrece dous servizos en espazos diferenciados, para atender as necesidades escolares, segundo a demanda de cada familia dentro do horario solicitado despois das clases. Esta actividade é compatible cos cursos de inglés.

- **Acompañamento escolar:** os/as alumnos/as realizarán as tarefas escolares diarias con vixilancia e apoio de monitorado especializado e resolvendo as dúbidas en caso de necesitalo.
- **Recreando:** actividade lúdico-cultural cun amplo programa de actividades, obradoiros e xogos...

DIRIXIDO A: alumnado de Infantil, Primaria e Secundaria empadroado no Concello de Boqueixón e alumnado matriculado nun centro educativo do municipio.

DURACIÓN: curso 2021 - 2022.

No caso de existir maior número de solicitudes que de prazas seguiranse os criterios de baremación e presentárase a documentación requirida.

Horarios

Todos os días lectivos do ano, podendo elixir por frecuencia semanal ou días soltos.

- **Madrugadores:** De 07.30 a 09.00 horas.
- **Tardes Educativas e de Lecer:** De 15.30 a 18.30 h.

Os horarios de entrada (madrugadores) e saída (Tardes Educativas e de Lecer) reflexarase na ficha de inscrición.

Inscricións

- Realizaranse do 1 ao 31 de agosto enviando a ficha de solicitude e a documentación: a través da sede electrónica do Concello (solicitude xeral) ou presencialmente por Rexistro.
- Unha vez finalizado o prazo, de quedar prazas vacantes, poderán ser cubertas por novas solicitudes seguindo o rexistro de entrada ou inscricións semanais ou por días soltos.

• A documentación que deben achegar xunto á ficha de inscrición:

1. Declaración da renda do 2020 ou xustificante acreditativo de non ter que presentala.
2. Documento acreditativo de familia numerosa (de ser o caso).
3. Documentación complementaria no caso de que sexa requirida

Pagamento

- Realízase con carácter bimestral e por domiciliación bancaria.
- Non se reintegrará ningún importe sen causa debidamente xustificada.

Baixas

- Deberán presentarse antes do día 20 do mes anterior a través da sede electrónica ou presencialmente por Rexistro.

** O Concello de Boqueixón poderá modificar ou suspender a prestación do servizo en función das circunstancias que acontezan derivadas da crise sanitaria motivada pola COVID-19.*

Consulta as bases en www.boqueixon.gal.

Prezos das actividades

Madrugadores

Frecuencia de asistencia	Custo mensual
1 día /semana	10 €
2 día /semana	20 €
3 día /semana	30 €
4 día /semana	40 €
5 día /semana	50 €
Días soltos	5 €/día

Tardes educativas

Frecuencia de asistencia	Custo mensual
1 día /semana	15 €
2 día /semana	30 €
3 día /semana	45 €
4 día /semana	60 €
5 día /semana	75 €
Días soltos	10 €/día

Descontos

Casos de emerxencia social, unidades familiares con ingresos mensuais inferiores ou iguais ao IPREM (537,84€) ou outra situación valorada tecnicamente polo Dpto. de Servizos Sociais.	100%
Unidades familiares con ingresos mensuais inferiores ou iguais a 1,5 veces o IPREM (806,76€).	80%
Unidades familiares con ingresos mensuais inferiores ou iguais a 2,5 veces o IPREM (1.344,6€).	60%
Unidades familiares con ingresos mensuais inferiores ou iguais a 4 veces o IPREM (2.151,36€).	40%
Unidades familiares con ingresos mensuais inferiores ou iguais a 6,5 veces o IPREM (3.495,96€).	20%
Condición de familia numerosa xeral.	30%
Condición de familia numerosa especial.	40%

Máis información: 981 513 115 // cim@boqueixon.com



O Verán Activo 2021 facilita a conciliación de case cen familias

Case un cento de nenos e nenas, de idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos, participaron durante este mes de xullo na segunda quenda do Verán Activo 2021, o programa lúdico e educativo do Concello de Boqueixón para facilitar a

conciliación da vida familiar e laboral durante as vacacións escolares. Un servizo que a día de hoxe disfrutan preto de cen familias do municipio. Verán Activo continuará coa súa actividade durante os meses de agosto e setembro.



As actividades teñen lugar no CPI Antonio Orza Couto e nas instalacións do Forte

Cursos gratuítos de manipulador de alimentos e emprendemento da muller no rural

Boqueixón acollerá en agosto dous cursos de formación de balde. O primeiro deles é un curso de 3 horas de Manipulador de Alimentos dirixido a persoas empadroadas en Boqueixón ou persoal contratado por empresas do municipio. O segundo, baixo o nome "Adiante Rural", está dirixido a mulleres do rural para fomentar o emprendemento e facilitarlles a busca de emprego.

Máis información e inscricións no 981 513 061 ou emprego@boqueixon.com.

Voluntariado de toda España recuperará ambientalmente a marxe dereita do río Ulla

Boqueixón acollerá do 21 de agosto ao 1 de setembro un campo de voluntariado medioambiental e etnográfico denominado "Camiño cara a natureza", no que participarán mozos e mozas de entre 18 e 30 anos chegados de toda España. Unha iniciativa organizada pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado en colaboración co Concello de Boqueixón.

Estes voluntarios/as tomarán parte nunha actuación de recuperación da marxe dereita do río Ulla, un espazo de enorme potencial natural e turístico declarado por Natura 200 como Zona de Especial

Protección dos Valores Naturais "Sistema fluvial Ulla-Deza".

Realizarán tarefas de limpeza e acondicionamento destes espazos, ademais de acometidas de restauración e construción de elementos interpretativos da ruta dos Pescadores. De feito, a interpretación e divulgación da ruta tamén será un dos eixos deste campo de voluntariado.

A maiores, as persoas voluntarias disfrutarán de actividades complementarias de lecer como kaiak polo Ulla; visitas a Compostela, Fisterra, Costa da Morte e Rías Baixas; e xogos tradicionais.

Visita astronómica para disfrutar das Perseidas dende o Pico Sacro

O Concello de Boqueixón e o Observatorio Astronómico Ramón María Aller (USC) organizan unha sesión de observación astronómica o próximo 12 de agosto, ás 22:00 horas, no Pico Sacro. Baixo o título "O Camiño das Estrelas. As Estrelas do Camiño. O teu Xacobeo", a actividade será unha oportunidade única para disfrutar das Perseidas, tamén coñecidas como bágoas de San Lourenzo.

Inscricións de balde no Departamento de Cultura de Boqueixón ou chamando ao 981 513 115.

Anótate nas "Noites de cine"

A evolución da pandemia fai que o Concello de Boqueixón solicite inscrición previa para controlar a asistencia ás "Noites de cine". As anotacións poden facerse no Departamento de Cultura, no 981 513 115 ou en cultura@boqueixon.com. O programa adianta as súas sesións ás 22:30 horas e inclúe dúas películas de animación, "Donkey Xote" e "Pinocho 3.000", e unha divertida comedia "Cuñados", con Xosé A. Touriñán, Miguel de Lira, Federico Pérez ou Eva Fernández, entre outros.



Cartel de "Cuñados" e asistentes na carballreira de Rodiño á primeira "Noite de Cine"

AXENDA DO MES DE AGOSTO

Domingo
1

Títeres Cachirulo: "Don Gaiferos e o dragón"

Carballreira da feira de Lestedo. Entrada de balde. Obradoiro (12.45 h) e espectáculo (13.15 h) do programa "A Compostela polas Rutas Xacobeas". Reserva de entradas: 981 513 115.

Venres
6

Apertura do ciclo "Un mes e Pico"

Pico Sacro. 11.30 h. Cecilia Pereira, comisaria do Xacobeo 2021, e Manuel Fernández Muñín, alcalde, inauguran e presentan o ciclo.

Venres
6

Contacontos: "Corre, corre cabaciña"

Bibliopiscina. 19.00 h. Entrada de balde. Lectura do conto e obradoiro para facer a cabaciña.

Venres
6

Noite Velada

Campo do río de Ponte Ledesma 22.00 h. Entrada de balde. Apertura de entrada ás 21.00 h. Actuación de Son de Gaita e Habelas Hainas. Imprescindible inscrición no 981 513 061 ou boqueixonturismo@gmail.com.

Sábado
7

Noites de Cine: "Donkey Xote"

Campo do río de Ponte Ledesma. 22.30 h. Entrada de balde. Inscrición previa no Departamento de Cultura.

Xoves
12

Observación astronómica: Perseidas

Pico Sacro. 22.00 h. Entrada de balde. Observatorio Astronómico Ramón María Aller. Inscricións no Departamento de Cultura.

Venres
13

Contacontos: "Cocorico"

Bibliopiscina. 19.00 h. Entrada de balde. Lectura do conto e obradoiro para facer a Cocorico.

Sábado
14

Conferencia do ciclo "Un mes e Pico"

Capela de San Sebastián. Pico Sacro. 19.00 h. Entrada de balde. Felipe Criado Boado presenta "As montañas e as cousas. Xenealoxía dunha paisaxe sacra". Inscricións no 981 513 061 ou boqueixonturismo@gmail.com.

Sábado
14

Noites de Cine: "Pinocho 3.000"

Campo da feira de Lestedo. 22.30 h. Entrada de balde. Inscrición previa no Departamento de Cultura.

Domingo
15-29

Visita xeolóxica

Pico Sacro. 11.00 horas. Prezo: 10 €/persoa (menores de 12 anos, de balde) Percorrido xeolóxico con distintas paradas. Prazas moi limitadas. Inscricións no 675 820 520 ou en geoturgalicia@gmail.com.

Domingo
15

Noites de Cine: "Cuñados"

Campo da feira de Lestedo. 22.30 h. Entrada de balde. Recoller entrada no Concello (9-15 agosto) ou no campo da feira unha hora antes do cine.

Venres
20

Xoán Curiel: conto-concerto

Bibliopiscina. 18.00 h. Entrada de balde. Inscricións no Departamento de Cultura

Sábado
21

Conferencia do ciclo "Un mes e Pico"

Capela de San Sebastián. Pico Sacro. 20.00 h. Entrada de balde. Antón Bouzas Sierra presenta "Xeoastronomía da antiga Gallaecia: Santiago e o Pico Sagro no tempo dos mouros". Inscricións no 981 513 061 ou boqueixonturismo@gmail.com.

Domingo
22

Roteiro arqueolóxico polo Pico Sacro

Pico Sacro e contorna. 11.00 h. Entrada de balde. Con Ana Isabel Filgueiras Rei. Inscricións no 981 513 061 ou boqueixonturismo@gmail.com.

Venres
27

Contacontos: "Camuñas"

Bibliopiscina. 19.00 h. Entrada de balde. Lectura do conto e obradoiro para facer a Camuñas.

Máis información e inscricións:

Centraliña: 981 513 061
concello@boqueixon.com

CIM: 981 513 061
cim@boqueixon.com

Cultura: 981 513 115
cultura@boqueixon.com

Dto. Local e Turismo: 981 513 061
boqueixonturismo@gmail.com

Anacos do noso

Un coidado itinerario histórico e natural: a ruta dos pescadores

Disque Boqueixón é terra con tradición de pescadores. E para quen ose poñelo en dúbida velaquí van dúas probas inequívocas: a presenza dun río como o Ulla, rico en troitas, escalos, lampreas, anguías ou salmóns; e a existencia dun antigo camiño de pescadores que no 2009 deu orixe a unha das rutas de sendeirismo do noso municipio. Un coidado itinerario histórico e cultural sempre a carón do río Ulla e pola zona de especial protección Sistema Fluvial Ulla-Deza, pertencente á Rede Natura 2000.

Esta fermosa senda dos pescadores, aos que aínda podes atopar se camiñas durante a temporada de pesca, conta cunhas vistas de gran beleza e cun conxunto etnográfico importante ao longo dos 4,3 quilómetros que separan Ponte Ledesma de Donas. É de dificultade baixa e cun desnivel de entre 63 e 66 metros, polo que é recomendable para todas as idades e poder percorrerse nunhas dúas horas.

A ruta parte dun dos lu-

gares emblemáticos de Boqueixón: a Ponte Vella. A súa orixe podería ser romana, como parte da calzada entre Braga e Astorga, e que é toda unha referencia histórica na comarca porque, como xa che contamos nesta mesma sección, no 1809 foi escenario da derrota das tropas napoleónicas da man do exército de Trasdeza, conformado por xente da contorna.

Tras desfrutar da paisaxe das Illas de Gres, a nosa ruta continúa pola igrexa do Divino Salvador de Ledesma, que aínda conserva a estrutura dos muros da reforma de 1752. Tras pasar polo muíño do Cereixo, o camiño continúa ata a área de Sucira, fermoso lugar de recreo ao amparo dunha magnífica carballeira. E, se nos desviamos uns metros, podemos visitar a igrexa parroquial de Sucira, de finais do século XVII.

A nosa senda de pescadores remata en Donas, parroquia rica en augas sulfurosas e termais, así como en fervenzas. Das tres, non podes perder a de Codeso.



A asociación de mulleres rurais de Ledesma organizou en xullo unha visita a esta ruta

